

A fascinación polas palabras

manuel vidal villaverde

Falamos Chelo e máis eu nestes soleados días de inverno, que outravolta semella primavera. Ela é novelista e poeta; unha persoa digo, que transmite e transparenta sinceridade, afábel, sempre cálida amiga. Vén de saír do prelo de Xerais a súa novela "A venus de cristal", pero falamos de todo, dentro e fóra do escenario desta páxina.

—Chelo, es ti quen de facer unhas breves pinceladas autobiográficas?

—Sí. Nacín no barrio de Santa Lucía, na Coruña, no seo dunha familia mariñeira. Dende que espertei a vida, da man do meu avó, mergulleime no realismo máxico. Na casa líase moito, polo que aprendín a ler denantes que a camiñar. Ao lado e fronte a nosa casa había dúas librarías; saía da escola e metíame nelas, sempre cobizosa de libros. O primeiro que escribín foi cando tiña doce anos. Era un conto relacionado coas musas e uns cantos líos no Olimpo. Mandeino a Bruguera. Decepción inmensa, cando recibín un catálogo comercial. Nin unha palabra referente ao meu envío... O meu centro de lectura na casa era un faiado cheo de mazás. Entre o aroma da froita causante do pecado orixinal codeeime cos grandes da literatura.

—Entre os xéneros literarios como te sentes máis cómoda?

—Síntome cómoda escribindo novelas. Antes comecei co relato breve. A poesía din que é o meu. Relatos, esbozos de novelas podo poñerme a eles no día a día. A poesía é outra cousa; algo así como unha revelación, unha visita que ilumina e vén a nós só de cando en vez.

—“A venus de cristal” é unha novela comprometida?

—“A venus de cristal” é unha novela, máis que comprometida, coa que me comprometín hai tem-

po, cando nos festivais de Venecia danzaba na Praza de San Marcos con Ballet Galego, rodeada de tanto decadente esplendor, e cando nos beizos dun operario ao soprar o vidro, sentín que xurdía o alento de Deus. Polas miñas veas, Manuel, corre sangue italiana, polo meu bisavó, o veronés.

—E se ti nos foses ti, Chelo...?

—Pois mira; non me imaxino non sendo eu. Se tivese que escoller outra personalidade gustaríame ser eu mesma, cun toque valleinclanesco e unha chispa de Chejov, pero en todo caso, para ben e para mal, non hai outra en min que non sexa eu; esoutras posibles percepcións xa non corren da miña conta, Manuel.

—Escribes por costume...?

—Supoño que escribo por paixón, por amor as palabras; escribo porque cecais non saiba facer outra cousa que escribir, contar historias, escribir poemas.

—E por inspiración?

—Pois tamén supoño que coa inspiración sen máis nada non abonda, por moita inspiración que teña a persoa; hai evidentemente algo máis que a inspiración, aínda que ela sexa unha parte esencial da escrita no autor, na autora, cal é meu caso.

—Chelo, en que outra outra obra traballas agora?

—Nestes momentos estou a escribir dúas novelas, e veño de rematar un libro de poemas adicado a unha poeta que xa non está entre nós.

—Ata aquí esta miña conversa coa autora de “A venus de cristal” unha bonita novela que dará moito que falar á crítica máis cerril. Chelo Suárez é tamén autora doutras novelas con moi boa acollida entre os lectores, pero fundamentalmente, é unha persoa boa e xenerosa, a corazón aberto, onde leva Galicia, a paixón e o amor polas palabras.



Chelo Suárez, unha muller comprometida.